

Siareiro do Obradoiro, agredido pola policía española após despregar a bandeira nacionalista galega

SERMOS GALIZA :: 23/01/2014

[Cast/Gal] Seguidor del Obradoiro, agredido por la policía española por desplegar la bandera nacional da Galiza

Galego

A presenza da bandeira nacionalista galega nas bancadas dun estadio deportivo voltou ser motivo de represión policial. Aconteceu, desta volta, no Multiusos do Sar, en Compostela, durante un encontro do Obradoiro na Copa Galiza de baloncesto. Ao inicio do partido e namentres @s siareir@s entoaban o 'Miudinho', F.B., de 19 anos, e un compañeiro del despregaron dúas bandeiras: unha delas da asociación Que voltem para a casa! e a outra a nacional.

No mesmo momento en que isto aconteceu, varios vixiantes da seguranza privada achegáronse aos dous mozos para advertir de que "no estadio non pode haber simboloxía política". Os dous siareiros reclamaron máis explicacións que a mera prohibición e foi entón cando se achegaron dous axentes da policía española. Lonxe de dar argumentos, mostráronse lacónicos: "garda a bandeira e ponto".

Segundo a denuncia que con posterioridade presentou F.B., ao exixir a identificación dos policías só obtivo o número de placa dun deles e resultou ser falso. Após ameazar con o expulsar do estadio, remataron por facelo empurrándoo polas escadas canda outras catro persoas que presenciaban canda el o encontro, tal e como consta na denuncia á cal tivo acceso Sermos Galiza.

Unha moza que tratou de axudar F.B. recibiu dous golpes propinados coas porras dos axentes, tal e como consta nun parte de lesións realizado após recibir atención médica. O 5 de xaneiro, o mozo foi xulgado por "agresións" e "desobediencia", os dous delitos que constan sempre na denuncia que a policía española presenta en contra de quen @s denuncia a el@s.

Un día antes do xulgamento, F.B. voltou ser expulso do Multiusos, desta volta sen portar bandeira ningunha. Segundo consta o parte de lesións realizado no Complexo Hospitalario de Compostela, até onde foi conducido pola propia policía para recibir atención médica, a presión con que lle colocaron os grilletes causoulle "cortes nos pulsos". O xulgamento por esta segunda denuncia decorrerá o vindeiro 6 de febreiro na capital galega.

Castellano

La presencia de la bandera nacionalista galega en la grada de un estadio deportivo ha vuelto a ser motivo de represión policial. Sucedió, en esta ocasión, en el Multiusos del Sar,

en Compostela, durante un encuentro del Obradoiro en la Copa Galiza de baloncesto. Al inicio del partido y mientras l@s seguidoras entonaban el "Miudinho", F.B., de 19 años, y un compañero de él desplegaron dos banderas: una de ellas de la asociación Que voltem para a casa! y la otra la nacional.

En el mismo momento que esto sucedía, varios vigilantes de seguridad privada se acercaron a los dos chicos para advertir que "En el estadio no puede haber simbología política". Los dos seguidores reclamaron más explicaciones que la mera prohibición y fue entonces cuando se acercaron dos agentes de la policía española. Lejos de dar argumentos, se mostraron lacónicos: "guarda la bandera y punto".

Según la denuncia que con posterioridad presentó F.B., al exigir la identificación de los policías sólo obtuvo el número de placa de uno de ellos y resultó ser falso. Después de amenazar con expulsarlo del estadio, acabaron por hacerlo empujándolo por las escaleras cuando otras cuatro personas presenciaban con él el encuentro, tal y como consta en la denuncia a la cual tuvo acceso Sermos Galiza.

Una chica que trató de ayudar a F.B. recibió dos golpes propinados con las porras de los agentes, tal y como consta en un parte de lesiones realizado después de recibir atención médica. El 5 de enero, el chico fue juzgado por "agresiones" y "desobediencia", los dos delitos que constan siempre en la denuncia que la policía española presenta en contra de quien l@s denuncia a ell@s.

Un día antes del juicio, F.B. volvió a ser expulsado del Multiusos, en esta ocasión sin llevar bandera alguna. Según consta el parte de lesiones realizado en el Complejo Hospitalario de Compostela, hasta donde fue conducido por la propia policía para recibir atención médica, la presión con que le colocaron los grilletes le causó "cortes en los pulsos". El juicio por esta segunda denuncia se desarrollará el próximo 6 de febrero en la capital galega.

<https://galiza.lahaine.org/siareiro-do-obradoiro-agredido-pola-poli>